

Xosé Neira Vilas

Letras Galegas 2027

Amorodos

NO CABO DA LEIRA GRANDE HABÍA UNHA viña con uvas de garnacha. A Nai dixéralle que cando el era un picariño da teta pousábao alí dentro dunha cesta de corres mentres ela sachaba ou arrendaba, ou segaba centeo. Pasaron moitos anos, é máis grande e agora anda por alí buscando e recollendo amorodos no roleiro que hai de par do camiño do agro, e recorda aquelas palabras maternas. Remexendo na memoria ata lle parece recordar os días da cesta.



Colabora Profesorado e alumnado_CIFP Politécnico de Santiago

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

XUNTA DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO



Xosé Neira Vilas

Letras Galegas 2027

Costureiras

AS COSTUREIRAS, COA MÁQUINA DE COSER enriba da cabeza ían de costura polas casas. Os veciños chamábanas cada certo tempo e pasaban ata dous ou tres días cunha mesma familia zurcindo, cosendo, remendando roupa de home e de muller. A Nai chamounas e foron. Eran dúas irmás. Viñan na outra banda do río. Destinoulles un cuarto onde farían todo o traballo. Tempo de verán. Eran dúas mozas. A porta do cuarto estaba cerrada e el axexou para adentro polo ollo da pechadura. Escoitou que falaban de mozos e de romarías. Nunha desas a máis gordecha, como ía calor, foi remangando a saia. Levantouna ata a cintura. El víalle a polpa branca das pernas, as coxas, e sentiu certo arreguizo.



Colabora Profesorado e alumnado_CIFP Politécnico de Santiago

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

XUNTA DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO



Xosé Neira Vilas

Letras Galegas 2027

Na mata do porco

CHEGA O SAN MARTIÑO, A XEADA, O FRÍO. É a época da mata. A Nai choromicaba mentres removía o sangue que ía caendo no caldeiro. Derriba do banco de castiñeiro, collido por catro homes, o animal berraba coa dor. O choro da Nai viña de que se encariñara con aquel quino dende que era pequeno. Coidaba del, dáballe de comer cada día para cebalo, e no derradeiro día, isto. Xa se sabía que tiña de ser así, que tal era o destino, pois sería a matanza, trisco de carne de todos os da casa, o mínimo compango para acompañar o caldo, branco ou de verzas. Tras dos laios, o chamusco, con fentos secos, e os cortes da carne que era salgada no baño para que durase os doce meses previstos. O neno tamén se doía do animal mentres beliscaba as uñas que o matador lle sacara, e observaba toda a operación.



Colabora Profesorado e alumnado_CIFP Politécnico de Santiago

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

XUNTA DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO



Xosé Neira Vilas

Letras Galegas 2027

Carta

O PAI ESCRIBIULLE A UN IRMÁN QUE ESTAba en América. Faláballe da guerra, das necesidades todas. Da xente que andaba a pedir e xa case non tiña con que vestirse. Faláballe dos enfermos, dos mozos amalados do peito, con tuberculose, que saían pola mañá monte arriba para ver se os melloraba o aire dos piñeiros, e que non podían dispoñer da mantenza que os médicos mandaban. E tras daquela requinaterna de calamidades pedíalle con moito aquel unhas miudezas: algún peite, unhas agullas, algo de fío de coser, zapatillas. O que puidese.



Colabora Profesorado e alumnado_CIFP Politécnico de Santiago

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

XUNTA DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO